

PAULA

A maior parte da poesía é lírica, é dicir, expresa os sentimentos do autor; pero tamén atopamos poemas nos que se conta unha historia: son **poemas narrativos**.

EVA

O osiño quere sopa,
 mais a cunca estalle rota.
 Co desgusto vai sentar,
 que pasou neste lugar?
 Non hai sopa nin cadeira...
 Será a bruxa feiticeira?

NAIARA

—Papá oso, mamá osa,
 imos ver esa tramposa.
 E ao chegar arriba todos,
 non ven bruxas nin ven lobos,
 ven unha loura meniña,
 sobre a cama pequeniña.

BRUNO

O papá oso, enfadado,
 dá un gruñido decontado.
 E tal susto ela levou,
 que polo bosque escapou.



Ana M.ª Fernández: *A casa de había unha vez*, Edicións Xerais, col. Merlín.

No berce das miñas rimas
deitei a miña emoción.
Tapeina ben tapadiña,
co veludo do solpor...

ÁNXELA

Chegou moi cansiña, cansa,
cansiña de tanto andar
co seu carriño de estrelas
todo cheo de luar.

PAULA

Ai, pobriña! Ai, pobriña!
Morta de sono e frío,
adormece nos meus brazos
coma unha estrela no río.

NAIARA

E deiteina no seu berce
todo feito de tenrura.
As sabas son de saudade,
os cabezais son de lúa.

BRUNO



Neste libro vola deixo,
deixovola adormecida.
É unha avelaiña azul
sobre unha flor mareliña.

ÁNXELA

Quen o seu berce anainar,
ha de ter a man lixeira:
Ha de pillar unha rosa
sen abalar a roseira.

EVA

... Ha de pillar unha rosa
sen abalar a roseira.

PAULA

Aquilino Iglesia Alvaríño: «Nenias»
(de *Corazón ao vento*), en *Escolma de poesía*,
Ed. Galaxia (adaptación).

Fin da viaxe



- ÁNXELA **C**hega un home suxeitando uns globos e tocando un pito. Ten a cara pintada de pallaso e viste coma tal.
- BRUNO HOME DOS GLOBOS: Globos! Globos de todas as cores e formas! Globos!
- NAIARA O pallaso decátase da nena. Achégase onda ela. Ofrecelle un globo de cor vermella de grandes orellas.
- BRUNO HOME DOS GLOBOS: Queres un globo, princesa?
- EVA A nena bota a chorar. A vella, que leva lentes e paraugas, corre detrás do pallaso, que sae coma un lóstrego. Logo volve xunta á nena.
- PAULA VELLA: E o tren? Onde está o tren, Pilarin?
- EVA A nena non deixa de chorar.
- NAIARA NENA: Quero volver á casa!
- ÁNXELA O pallaso regresa. Saca unha harmónica dun peto e toca unha melodía de acordes sinxelos. A nena sorri. O pallaso baila arredor dela recitando un poema.
- BRUNO HOME DOS GLOBOS: O ceo é un globo vestido de azul, o ceo é un globo vestido de azul, o ceo é un globo vestido de tul. Na miña mochila globiños a centos, de miles de cores, para os nenos contentos.

tul: Debe dicir tulle.

ÁNXELA O home dos globos saca a nena a bailar e segue recitando.

BRUNO Se queres un globo canta e verás, como a túa cara deseguida alegrarás. O ceo é un globo vestido de azul, o ceo é un globo, vestido de tul.



EVA O home dos globos invitará ao público a que recite a última estrofa namentres toca a harmónica. A vella sentada no banco tamén se vai animando e bate as palmas.

PAULA O home dos globos, nun acto de prestidixitación, saca un ovo de detrás da orella da nena, que logo converte nun ramo de flores. A nena brinca de alegría e corre a ensinarllo á avoa. O pallaso segue a tocar a harmónica paseando pola plataforma da estación.

NAIARA Entra novamente o xefe de estación correndo.

EVA XEFE DE ESTACIÓN: (Falándolle ao home dos globos). Sabe onde anda Antón?

ÁNXELA O pallaso busca nos petos e move a cabeza negativamente. O pallaso dálle un globo.

BRUNO HOME DOS GLOBOS: Sérvelle?

PAULA O xefe da estación encabixase.

NAIARA VELLA: E o tren?

EVA XEFE DE ESTACIÓN: Se vostede atopa o maquinista, eu tráiole o tren.



An Alfaya: O maquinista Antón, Edicións Xerais, col. Merlin.

10 O misterio das Burgas



Acerca da lectura


Martiño e os seus amigos advirten que, de súpeto, as Burgas deixaron de botar auga. E sospeitan algo raro cando se decatan de que os persegue un encarpuchado. Que está ocorrendo?

PAULA

Cando nos saudamos, acordamos ir cara ao río sen tanzanza, pola rúa do Progreso, así que nos metemos polas Burgas. E foi daquela cando comezou a aventura. Que pasou logo, diredes? Mirade, sei que non mo ides crer. Nós mesmos quedamos pampos, pero foi tal como volo conto: cando iamos á altura da Burga de Abaixo —na que a aquela hora, aínda sendo tan cedo, non se vía a ninguén, cousa sorprendente— todos os seus canos, os tres á xunta, pararon de botar auga.

Burgas: Fontes de auga termal que hai en Ourense.

cano: Tubo da fonte por onde sae a auga.



ÁNXELA

Non o credeis, pero nun instante deixou de saír a auga en todas as burgas. O chorro da auga cortouse de todo, tanto o da Burga de Arriba como a de Abaixo. Mesmo se deixou de escoitar o motor da piscina que está no medio das dúas. Foi só un instante, visto e non visto. Tan rápido que non nos deu tempo a reaccionar. Deseguida, todo volveu á normalidade.

BRUNO

—Vistes o que eu? —preguntou Martiño—. Hai un instante non saía auga, nin unha pinga. Ou imaxineino?

EVA

—Non imaxinaches tal —dixemos—, que nós tamén o vimos.

NAIARA

—Eu non vin nada —dixo Raia, que foi a única que andaba distraída.

BRUNO

—E como o habías ver? Se te estabas a mirar no espelliño de man ese que sempre vai contigo?

EVA

Porque Raia se mira no espello cada pouco, sabedes? Pero ao caso: nunca outra viramos. E aínda nos custaba crelo, por máis que acababamos de comprobalo cos nosos propios ollos...

NAIARA

Aínda non recuperados da impresión, e sen acabar de entender o que viramos, os catro seguimos camiño cara ao río, pola rúa do Progreso. Pero cando iamos pola praza do Bispo Cesáreo advertimos algo sospeitoso. Ao comezo non nos demos conta, mais alguén nos vixiaba. Un home alto tapado coa carapucha dun chándal gris e cunhas lentes de sol viña tras de nós.

Ramón Caride:

O Capitán Aspanitas e o misterio das Burgas,
Edicións Xerais, col. Sopa de libros.



Está permitido fedellar en lugares de uso público? Escribe unhas normas.

